

Anuncio de licitación do Campo de Fútbol de Herba Artificial en Corme

ANUNCIO DE LICITACIÓN

1. No BOP nº 246 do venres 24 de outubro de 2008, saíu publicado o anuncio da licitación da obra “Instalación de herba artificacil no campo de fútbol de Corme”.
2. A Xunta de Goberno Local na sesión do 03-11-2008, acordou corrixir a clasificación do contratista e o prazo de execución das obras, polo que procede publicar un novo anuncio de licitación:

1. Entidade adxudicataria:

- a) Organismo: Concello de Ponteceso
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2. Obxecto do contrato:

- a) Descrición do obxecto: “Instalación de herba artificial no campo de fútbol de Corme”
- b) Prazo de execución: tres meses

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: aberto
- c) Forma: multiplicidade de criterios de valoración

4. Orzamento base de licitación:

- a) Importe total: trescentos setenta e catro mil, setecentos setenta e oito euros, sesenta céntimos (374.778,60 euros), IVE incluído

5. Garantías:

- a) Provisional: no se esixe.
- b) Definitiva: o 5% do prezo de adxudicación

6. Documentación e información:

Entidade: Concello de Ponteceso
Enderezo: rúa Concello, núm. 18
Localidade e código postal: 15110 Ponteceso
Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028

7. Requisitos específicos do contratista

- a) Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría c

8. Presentación de ofertas:

- a) Data límite para presentar ofertas ou solicitudes de participación: das 9.00 ás 14.00 horas dentro do prazo de 13 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Se o último día do prazo coincide en sábado ou en día non hábil, o prazo considérase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.
- b) Documentación que hai que presentar: a que está determinada na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso.

9. Apertura das ofertas:

- a) Data: o segundo día hábil seguinte ao do día que remate o prazo de presentación de proposicións. No caso de cadrar en sábado, será o luns seguinte
- b) Hora: ás 12.00 horas

10. Criterios da adxudicación e ponderación:

Os indicados na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	VALORACIÓN
Programa de control interno de calidade	De 0 a 19 puntos. Ver PCAP
Programa de traballo e protección ambiental	De 0 a 18 puntos. Ver PCAP
Plan de seguridade e saúde	De 0 a 13 puntos. Ver PCAP
Proposta de redución de prazos	De 0 a 10 puntos. Ver PCAP
Oferta económica	De 0 a 40 puntos. Ver PCAP

11. Gastos dos anuncios:

Os gastos correspondentes aos anuncios que xere o concurso serán pola conta do adxudicatario.

Ponteceso, 03 de novembro de 2008.

O alcalde

José Luís Fondo Aguiar